

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Fauna

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Se entra o fociño, entra o rato no burato!

Tamén escoitamos fai moi pouco tempo, por boca dunha muller dunha aldea, que ratos e tamén ratas, incluso as de bo tamaño (das que se di que son coma coellos), dan pasado todo o corpo por buratos polos que conseguen meter o fociño. Por tanto se entra o fociño entra todo o corpo. Deben pensar que estes roedores son da familia dos *pulpos*, e que deben carecer de osamenta.

[Texto remitido por Xurxo Broz e Cristina Vázquez, de Melide (A Coruña). Setembro de 2016]